



XII CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE TOURO

D o m i n g o 27 de Setembro 2026 a partir das 10:30 horas

REGULAMENTO

1.- As probas disputaranse na localidade de Touro (A Coruña). A saída e chegada de cada proba farase na rúa Pucho Boedo, e o circuito correspondente a cada categoría estará debidamente sinalizado.

2.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

3.- A inscrición da proba absoluta (de sub 20-sub 23 a máster) poderá realizarse na web <https://www.carreirasgalegas.com/> ata o xoves 24 de setembro ás 23:59 horas.

A inscrición das carreiras escolares (de pitufo a sub 18) farase a través da páxina <https://www.carreirasgalegas.com/>; a data límite de inscrición será o xoves 24 de setembro ás 23:59 horas.

PREZOS DA INSCRICION

CATEGORIAS ESCOLARES (de pitufo a sub 18 incluídos):

GRATUITA

PROBA ABSOLUTA (de sub 20 – sub 23 a máster):

7 € / participante

* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web www.carreirasgalegas.com. Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono 981 504 029 en horario de 09.00 a 14.00 horas de luns a venres ou no em@il_deportes@concellodetouro.gal

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da carreira.

4.- Os dorsais poderán retirarse o día da proba na secretaría da organización ubicada no parque Martín Códax, a carón da SAIDA das probas, con prazo límite 30 minutos antes de cada proba correspondente.

5.- PREMIOS

Percibirán trofeos:

- Os 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento, masculinos e femininos, agás a categoría pitufo e prebenxamín que non terán clasificación, e tamén os tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta masculino e feminino.
- Os tres primeiros atletas locais da proba absoluta, tanto masculinos como femininos tamén recibirán trofeo. Para optar a este trofeo será imprescindible estar **empadroadado** no Concello de Touro.
- O primeiro clube masculino e o primeiro clube feminino na clasificación final, establecida pola suma dos seis primeiros clasificados e seis primeiras clasificadas do clube na clasificación individual final. Nesta clasificación só se admitirá a participación de clubs federados que deberán inscribir os seus atletas de xeito individual marcando a opción de “participa na clasificación de clubs” en cada inscrición.

Os premios **non serán acumulativos (agás os premios a atletas locais)**, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos. A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.

6.- Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito correcto na zona anterior do corpo, será automaticamente descalificado.

7.- Os participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da súa proba.

8.- Os atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

9.- As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 20 minutos despois da publicación dos resultados.

10.- O horario das saídas poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.

11.- Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo cos reglamentos en vigor da FGA, RFEA e WA, por esta orde, para probas en ruta.

Categorías e horarios

CATEGORIA	ANO DE NACEMENTO	HORA	DISTANCIAS
Sub 20	Nados en 2007 e 2008	10:30 h	10000 m aprox
Sub 23	Nados en 2004 ,2005 e 2006	10:30 h	10000 m aprox
Senior	Nados entre 1992 e 2003	10:30 h	10000 m aprox
Máster 1 masc/fmno	Nados entre 1986 e 1991	10:30 h	10000 m aprox
Máster 2 masc/fmno	Nados entre 1976 e 1985	10:30 h	10000 m aprox
Máster 3 masc/fmno	Nados entre 1966 e 1975	10:30 h	10000 m aprox
Máster 4 masc/fmno	Nados antes de 1966	10:30 h	10000 m aprox
Pitufo	Nados en 2021 e posteriores	12:40 h	150 m
Prebenxamín	Nados en 2019 e 2020	12:35 h	300 m
Sub 10	Nados en 2017 e 2018	12:25 h	1000 m
Sub 12	Nados en 2015 e 2016	12:10 h	2000 m
Sub 14	Nados en 2013 e 2014	12:10 h	2000 m
Sub 16	Nados en 2011 e 2012	11:50 h	3000 m
Sub 18	Nados en 2009 e 2010	11:50 h	3000 m
ENTREGA DE PREMIOS AS 13:00 HORAS			

ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO:

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e participar na proba, aceptan esta normativa e, en caso de dúbida ou xurdindo algunha situación non prevista nela, resolveranse de acordo coas disposicións dispoñibles, o Comité Organizador e as regras da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e, a través da súa inscrición, o corredor autoriza expresamente que os seus datos básicos sexan transferidos a esta entidade para a tramitación, antes da compañía de seguros, do seguro obrigatorio de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e o ranking popular de probas de estrada. En calquera caso e conforme establecido pola Lei de Protección de Datos, o interesado poderá exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Esta proba disporá dos seguros e servizos sanitarios requerido nas normativas vixentes.